

**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE FUNDACIÓN
CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA
REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta *FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA* formalizou o 23 de abril de 2025 coa *UNIVERSIDADE DE VIGO* o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista de catro anos dende a data de sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración de ambas partes, establecendo un programa de prácticas académicas externas para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado en áreas operativas da empresa relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA** foi constituída o 27 de decembro de 1999, como “*organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Institución*”. Constitúe o obxecto da Fundación Cidade da Cultura de Galicia a *creación, explotación e promoción de áreas ou centros de*



conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio para a interacción cultural.

Segundo o artigo 7 dos seus estatutos, para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a Fundación pode realizar seguintes actividades:

- “a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.*
- d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*
- e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*
- f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.*
- g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do*



tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.”

educación para elaborar proxectos conxuntos, a través da hibridación de estratexias e eixes de actuación comúns. Unha fortaleza única na Cidade da Cultura, que non se dá noutros centros de referencia e ten a potencialidade para converterse en elemento de identidade diferencial.”

Pola súa parte, **UNIVERSIDADE DE VIGO** é unha universidade pública, con autonomía académica, económica e de goberno e que se sitúa ao servizo da sociedade baixo os principios da igualdade, solidariedade, democracia e liberdade. Os fins prioritarios son a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e investigación, así coma o fomento da procura de novos coñecementos e a transferencia destes á sociedade, a creación artística e o desenvolvemento científico e tecnolóxico.

A Universidade de Vigo axustarase á normativa aprobada para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas dirixidas ao alumnado matriculado en calquera ensinanza impartida pola Universidade o polos centros adscritos a esta ou o estudantado doutras universidades españolas ou estranxeiras que, por razón de programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre elas, se atopan cursando estudos na Universidade de Vigo ou nos centros adscritos a esta.

O programa de prácticas académicas desenvolverase conforme os seguintes termos:

A duración das prácticas externas curriculares será a que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro; axustarase á normativa Complementaria desenvolvida pola Universidade



de Vigo e o alumnado contará cunha persoa titora da entidade colaboradora e con outra da Universidade de Vigo para realizar as prácticas

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

